

## EFFECTOS DE XÉNERO DO DESDOBRAMENTO DE PRONOMES NA TRADUCCIÓN INSTITUCIONAL EUROPEA<sup>1</sup> GENDER EFFECTS OF PRONOUN PAIRS IN INSTITUTIONAL EUROPEAN TRANSLATION

**María López Medel**  
Universitat d'Alacant

ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-0357-6908>  
[medel@ua.es](mailto:medel@ua.es)

[Recibido 21/09/21; aceptado 26/03/22]

### Resumo

O desdoblamento léxico dos pronomes persoais tónicos ingleses (*he or she* e *she or he*) é unha técnica da linguaxe non sexista baseada na especificación dos xéneros que aporta visibilidade ás mulleres e substitúe o masculino “xenérico”. O obxectivo deste artigo é analizar ata que punto afecta ás decisións de tradución institucional europea inglés-castelán mediante a explicitación de pronomes ou outras técnicas neutralizadoras ou feminizadoras da linguaxe.

Para iso, realizaremos un estudo cuantitativo e cualitativo de segmentos aliñados de ambas versións lingüísticas en tres grandes corpus multilingües da Unión Europea: EURLex Judgments, EUROPARL7 e EURLex 2/2016. A análise das marcas de xénero na tradución castelá complementase cunha proposta de tradución non sexista.

### Palabras clave

Desdobramentos léxicos; tradución institucional; Unión Europea, pronomes; sexismo

### Abstract

Using English subject pronoun gender pairs (*he or she* and *she or he*) is a non-sexist language technique based on gender specification which makes women visible and replaces the “generic” masculine. The goal of this paper is to analyse the extent to which the resulting European institutional English Spanish translation is affected through pronoun specification and other neutralising or feminising language techniques.

We will carry out a quantitative and qualitative study of aligned fragments in both language versions of three large European Union plurilingual corpora: EUR-Lex Judgments, EUROPARL 7 and EUR-Lex 2/2016. The analysis of gender flexions in the Spanish translation is complemented by a non-sexist translation proposal.

### Keywords

Gender pairs; institutional translation; European Union; pronouns; sexism

---

<sup>1</sup> Tradución do castelán para o galego de Noelia Pousada Lobeira.

## 1. Sexismo lingüístico

Tradicionalmente, ao xénero masculino (semántico) ténselle atribuído a calidade de xenérico no sentido de representar a norma e o conxunto, mentres que o feminino denota excepcionalidade e subordinación (Astola Madariaga, 2008). O sexismo lingüístico que resulta do emprego do xénero masculino para as referencias indistintas a homes e mulleres ten, entre outros, os efectos de invisibilidade, denigración e exclusión das mulleres, amais da perpetuación do patriarcado (Bengoechea Bartolomé, 2005; Alario Trigueros, 2008). De feito, considérase un micromachismo ou unha forma de agresión sutil e invisible na base do iceberg das violencias machistas, que culmina no feminicidio (Consello de Europa, 2020).

Para contrarrestalo, a linguaxe non sexista, como ferramenta da perspectiva de xénero, componse de técnicas cuxo obxectivo é substituír o masculino “universal” por alternativas adaptadas á expresión do xénero en cada lingua e contexto. Estas técnicas poden estar orientadas a neutralizar ou feminizar a linguaxe, o cal depende de se o seu propósito é eliminar calquera referencia ao sexo das persoas ou visibilizar as mulleres. A isto engádese a sexualización xustificada, na que se indica o sexo da persoa se se cree conveniente.

Distinguimos entre o xénero semántico (referido ás características biolóxicas e fisiolóxicas) e o gramatical (que designa obxectos e ideas). Nas linguas de xénero semántico (por exemplo, o castelán e o galego), o sexo do referente reflíctese en certos substantivos, adxectivos, determinantes e pronomes. As linguas de xénero pronominal (por exemplo, o inglés e o danés) expresan o xénero semántico a través dos pronomes persoais e posesivos, principalmente. As linguas neutras (por exemplo, o turco e o finlandés) flexionan o xénero unicamente nos substantivos heterónimos e nos adxectivos.

## 2. Tradución institucional non sexista

Na Unión Europea, as directrices con contido de linguaxe non sexista en castelán (Parlamento Europeo, 2018b e Consello Europeo & Consello da Unión Europea, 2018a) ocúpanse, sobre todo, dos substantivos de persoa que flexionan o xénero. Estes pódense dividir en colectivos (*ciudadanía*) e individuais, e estes últimos en forma única (desinencia común ou invariable —miembro—, heterónimos —mujer—, epicenos —persona—), dobre forma (desinencia variable —ciudadana/o—), homónimos (asistenta/e) e metonímicos (presidencia) (López Medel, 2021b). Outros elementos oracionais que poden presentar xénero semántico en castelán son os determinantes, os adxectivos e os pronomes. Outras guías europeas castelás céntranse unicamente na especificación ou neutralización das fórmulas de tratamento e a feminización dos nomes de cargos e profesións (Comisión Europea, 2020).

Nas guías europeas sobre a linguaxe non sexista en inglés (Parlamento Europeo, 2018a; Consello Europeo & Consello da Unión Europea, 2018b; Unión Europea, 2021, e Comisión Europea, 2022a), a categoría que recibe máis atención é a dos pronomes persoais, seguidos da partícula *man*, que conforma o sufixo dalgúns substantivos. A isto engádense certos nomes de profesión e as fórmulas de tratamento.

Malia que as guías europeas de linguaxe non sexista adoitan excluír explicitamente os textos xurídicos das súas indicacións (Consello Europeo & Consello da Unión Europea, 2018a e 2018b), a linguaxe xurídica, como expresión de deberes, dereitos e liberdades, debe cumprir cuns requisitos de «eficacia, eficiencia, concisión, claridad, sencillez y coherencia» (Bengoechea Bartolomé, 2011, p. 22) que coliden co uso indiscriminado ou prioritario do masculino. Para evitalo, a desexualización permítelle á linguaxe xurídica cumprir os obxectivos de precisión, igualdade e legalidade (Gómez González-Jover, 2019). Desde outra institución plurinacional europea estableceuse que a linguaxe, «cuyo simbolismo es importante, no debe consagrar la hegemonía del modelo masculino. El lenguaje debe ser neutral en cuanto al género (por ejemplo, “persona”) o referirse a ambos sexos (“el / la”)» (Consello de Europa, 2003, p. 2). Por todo isto, o emprego da linguaxe non sexista nun contexto xurídico considérase un deber e unha responsabilidade (Rubio Castro, 2016).

En España, a linguaxe non sexista implantouse explicitamente no eido administrativo (non xurídico) coa Lei de igualdade (Goberno de España, 2007) e, pouco despois, o Consello Xeral do Poder Xudicial (2009) estableceu unhas normas para a non discriminación das mulleres, tamén na linguaxe administrativa.

Nun ámbito multilingüe e transnacional, a tradución institucional, definida como a que se realiza en, para e por unha institución (Schäffner, Tcaciuc e Tesseur, 2014), presenta características que, ao menos no caso da Unión Europea, poden facilitar o emprego da linguaxe non sexista: hibridización, especialización, nominalización, léxico propio, desculturalización, simplicidade, formalidade, literalidade, desexualización intencionada e prescritiva dos orixinais ingleses e regulación mediante manuais e recomendacións (López Medel, 2021b). En concreto, a sobreexplicitación do pronome é unha dificultade estilística habitual na tradución institucional europea (Calzada Pérez e Tizzano Fernández, 2019). Ademais, destaca o efecto xurídico dos textos meta nos países membros e o rango idéntico das distintas versións, nun sistema no que se esvae o orixinal (Dollerup e Brøndsted, 2004). Na súa maioría, aínda que con variacións entre os organismos, a tradución institucional europea é de índole xurídica (Loupaki, 2006), seguida da política, administrativa e divulgativa (Comisión Europea, 2022b).

### 3. Desdoblamento léxico

Pese á multitude de técnicas non sexistas á nosa disposición para substituír o masculino indebido, moitas delas lingüísticamente económicas (sobre todo a omisión), ao contrario do desdoblamento, este último é recorrente no contexto institucional europeo. Non é necesario coñecer sinónimos sen marca de xénero nin reformular a redacción das frases, senón que abonda con mencionar de forma expresa ambas formas de xénero. En xeral, consiste en engadir a forma feminina á masculina existente e pode afectarlles aos pronomes, artigos, substantivos e adxectivos. De todos os modos, cómpre dicir que o principio da economía lingüística soamente parece servir para deostar a linguaxe non sexista, pero non se aplica a outras situacións expresivas nin se ten en conta que poida ser máis económico ca o sexista (Castro Vázquez, 2008).

A súa idoneidade depende, ademais, de cada lingua e categoría gramatical. No inglés institucional europeo, os desdobramentos léxicos atinxen principalmente os pronomes persoais de suxeito de uso obrigado que poden presentar marca de xénero (*he, she*).

En castelán, o desdobramento léxico pode afectarlle só ao substantivo ou a este e ao determinante e/ou adxectivo (forma completa). Outras formas de desdobramento son a abreviada (con raia ou paréntese) e a conxuntiva (copulativa, disxuntiva). Tamén varía a concordancia en xénero e número dos substantivos desdobrados e do resto das partículas. Porén, a existencia dun ou de máis desdobramentos non implica a desmasculinización do texto, senón que se pode concordar o resultado en masculino con outros elementos e, por esta razón, ser sexista. Ademais, a orde de colocación dos xéneros (maioritariamente masculino-feminino) é símbolo de desigualdade.

### 3.1. Ordenación dos xéneros

A orde establecida masculino-feminino dos desdobramentos léxicos non é arbitraria nin inocente, senón un reflexo e unha perpetuación da sociedade patriarcal na que o home é a árbore e a muller, unha rama (Grijelmo García, 2019). Esta tendencia da linguaxe de reproducir a denominación social (Balaguer Callejón, 2008; Bringas López *et al.*, 2012) non só se expresa de forma inconsciente e mecánica, senón que está incluída como técnica de linguaxe non sexista en castelán nas guías europeas (Consello Europeo & Consello da Unión Europea, 2018a; Parlamento Europeo, 2018b). Tampouco está exenta de efectos, xa que, segundo un estudo, o lectorado atribúelle máis importancia ao xénero que vai en primeiro lugar (Kesebir, 2017).

Algúns métodos posibles de ordenación dos xéneros nos desdobramentos léxicos son a masculinización (a dominante), a feminización, a alternancia, a aleatorización e a alfabetización. Vexamos as vantaxes e as desvantaxes de cada un desde unha perspectiva de xénero, tendo en conta que o obxectivo da linguaxe non sexista, en canto ferramenta do feminismo, é alcanzar a igualdade plena e real entre os sexos.

	Definición	Vantaxes	Desvantaxes
Masculinización	Colocación permanente do masculino primeiro.		É desigual na formulación e nos seus efectos. Reflexo e perpetuación do patriarcado.
Feminización	Colocación permanente do feminino primeiro.	Discriminación positiva: reforza o sexo subordinado para que acade a igualdade co dominante. Compensa séculos de masculinización.	
Alternancia	Distribución sucesiva da orde de colocación dos xéneros: feminino-	Permite un número idéntico de masculino-feminino e feminino-masculino (se os	É necesario manter un rexistro e decidir o primeiro elemento.

	masculino, masculino-feminino, feminino-masculino, etc.	desdobramentos son pares).	Norma variable, xa que depende do elemento anterior e posterior.
Aleatorización	Colocación por azar. Require un procesador externo sen intervención humana posterior que decida a orde de cada desdoblamento, xa que unha persoa se deixaría guiar inevitablemente polos seus prexuízos.	Non está baseado en principios machistas.	Os sistemas automáticos non están exentos de prexuízos. O azar non é un criterio avaliable.
Alfabetización	Ordenación alfabética dos xéneros ( <i>él/ella, abogada/o, las y los estudiantes</i> ).	Non está baseado en principios machistas. Máxima arbitrariedade. Norma permanente, independente do elemento anterior e posterior. Non lle afectan os prexuízos. Fácil de aplicar e de supervisar sen manter un rexistro.	Non é necesariamente igualitaria no reconto de primeiras e segundas posicións.

Táboa 1. Definición, vantaxes e inconvenientes desde unha perspectiva de xénero das formas de ordenación dos desdobramentos léxicos.

Á vista desta enumeración de vantaxes e inconvenientes, concluímos que a alfabetización é o método de ordenación máis adecuado desde unha perspectiva de xénero, xa que se rexe por unha norma non baseada nos principios machistas e a súa aplicación non está influída polos prexuízos humanos. Ademais, o seu carácter estable e universal facilita a aplicación e a supervisión por parte de calquera persoa. Malia que non garante un número idéntico de femininos e masculinos en primeira posición no texto, supón unha alternativa á masculinización e, dese modo, anula simbolicamente a supremacía do home.

### 3.2. Crítica e defensa

Pese á súa proliferación actual en determinados contextos (formularios, redes sociais, circulares), o desdoblamento léxico non é unha tendencia recente en castelán, senón que está presente en textos tan antigos coma *El mío Cid* (Cianca Aguilar e Gavilanes Franco, 2021). Así e todo, a gramática académica considérao un circunloquio innecesario, agás en circunstancias concretas (vocativos, formularios e casos de ambigüidade), e descríbese como «engorrosas repeticiones a que da lugar la reciente e innecesaria costumbre de hacer siempre explícita la alusión a los dos sexos» (Real Academia Española & Asociación de Academias de la Lengua Española, 2005, p. 6). Desde a postura académica, alégase incluso que os desdobramentos non son necesarios porque «el español carece de género masculino» (Fábregas Alfaro, 2012, p. 2) e engádesse que o masculino é o verdadeiro

epiceno e achega «gran economía», «variedad estilística» e «flexibilidad comunicativa» (Real Academia Española, 2020, p. 46). Emporiso, no seu informe sobre a linguaxe non sexista na Constitución española, propuña desdobrar *reina-rey*, *príncipe-princesa*, pero non *españolas-españoles* nin *ciudadanas-ciudadanos* (Castro Vázquez & Martín Barranco, 2020; López Medel, 2021a).

A crítica académica á linguaxe non sexista concéntrase nos desdobramentos por conculcaren, precisamente, a economía e a beleza expresivas, motivo polo que alega que, «aplicados sin control, generan monstruos discursivos» (Real Academia Española, 2020, p. 56) e identifícaos coa linguaxe non sexista coma se fose a única regra posible. En realidade, a pesar de que «a economía lingüística non é unha regra que estea sempre presente nas linguas» (Castro Vázquez, 2008, p. 44), a linguaxe non sexista non a contravén necesariamente no caso de substituír, por exemplo, un substantivo masculino por outro colectivo, feminino ou metonímico (*alumno > alumnado*, *presidente > presidenta*, *profesor > profesorado*).

Baseámonos na asociación entre lingua, pensamento e realidade, segundo a cal o xénero lingüístico (semántico) dos substantivos animados vincúlase co sexo dos seus referentes (Márquez Guerrero, 2016), para afirmar que o masculino semántico é incapaz de representar as mulleres. Iso comporta o rexeitamento do seu uso universal e indiscriminado e obriga a recorrer a alternativas non sexistas, entre as que se inclúe o desdobramento.

En verdade, o desdobramento non é redundante, xa que engadirlle a versión feminina á masculina non é repetir o que se dixo, senón engadir algo novo. Se se estivese a nomear a mesma realidade, sería unha repetición: *los ciudadanos y los ciudadanos*. É dicir, os desdobramentos están xustificados en todo momento para indicar a presenza das mulleres como suxeitas e obxectas dun texto, sen subordinación aos homes.

Malia a súa xustificación e a visibilidade que lles outorga ás mulleres a explicitación dos xéneros, ao contrario da neutralización, o desdobramento non sempre constitúe a técnica de linguaxe non sexista máis idónea e é frecuente observar desacertos e abuso en guías e textos non sexistas, que optan sistematicamente por eles en vez de recorrer a outras técnicas.

Na tradución, a aparición no orixinal inglés de pronomes persoais desdobrados pode que non se reflecta no castelán, mesmo nun contexto de literalidade, dado o principio de elisión do suxeito pronominal en castelán (Brucart, 1987). En castelán, os pronomes persoais tónicos poden funcionar como suxeito, como atributo ou como termo de preposición e a súa explicitación pode ser anómala, posible ou imprescindible (Real Academia Española & Asociación de Academias de la Lengua Española, 2005). En efecto, desaconséllase a expresión do suxeito tácito pronominal, agás que produza efectos na interpretación semántica.

A continuación, trataremos de establecer en que medida o uso de desdobramentos léxicos de pronomes persoais tónicos e de xénero, nun contexto institucional europeo, afecta á tradución castelá mediante o emprego desa ou doutra técnica da linguaxe non sexista.

#### 4. Metodoloxía

Realizouse un estudo de tradución baseado en corpus con perspectiva de xénero mediante a análise de segmentos aliñados de textos institucionais da Unión Europea. Das distintas categorías gramaticais que presentan os desdobramentos léxicos, escolléronse os pronomes persoais tónicos pola discordancia entre a sintaxe inglesa e a castelá, ao seren indispensables na primeira e prescindibles ou excepcionais na segunda.

Descríbense os distintos métodos de ordenación dos desdobramentos de pronomes persoais tónicos en inglés, co que se establece a orde dominante e se valora tanto esta coma outras alternativas, en función da súa idoneidade desde unha perspectiva feminista.

As preguntas de investigación que se formulan son: cal é a propensión dos desdobramentos ingleses destes pronomes a traducirse literalmente mediante a súa explicitación en castelán? Respéctase a orde dos xéneros? Que ocorre en caso de colocación excepcional? Inflúe a orde anómala dos desdobramentos no orixinal no xénero da tradución? En caso de omisión, trasládase a intención non sexista a outro elemento do texto? Se a resposta é afirmativa, que técnicas da linguaxe non sexista se aplican na tradución?

As hipóteses coas que traballamos son o incumprimento da intención non sexista do orixinal mediante a tradución masculinizadora dos segmentos que conteñen desdobramentos léxicos de pronomes persoais en inglés e a conservación destes en casos excepcionais, nos que se mantén a orde xerárquica masculino-feminino. Isto último non afecta ao emprego universal do masculino na oración.

O obxectivo principal é determinar a discrepancia entre o uso desta técnica non sexista no texto orixinal inglés e na tradución castelá en xénero masculino. Como solución, ofrécense propostas de tradución non sexista mediante compensación que recorren a unha variedade de técnicas de feminización e neutralización. Xustifícase a súa preferencia en conformidade cos principios normativos, económicos e prácticos, e refútase a validez do suposto carácter xenérico do masculino.

A investigación está deseñada en función do obxectivo, as hipóteses e o obxecto de estudo, e aplicáronse as ferramentas metodolóxicas da integración da perspectiva de xénero tanto nas prioridades coma no método de investigación. Tratouse de substituír os parámetros patriarcais da ciencia polos intereses feministas.

En calidade de obxecto primario de estudo, seleccionáronse os corpus e unha plataforma de xestión, consonte as necesidades metodolóxicas. O xestor de corpus elixido (Sketch Engine) é de carácter comercial, en liña, funcional e intuitivo. Esta plataforma inclúe corpus multilingües de gran tamaño con funcionalidades de aliñamento de segmentos bilingües (concordancias paralelas), entre outras. As concordancias permítennos cotexar o contido das versións equivalentes en ambas linguas de estudo.

Os corpus paralelos inglés-castelán dispoñibles en aberto en Sketch Engine pertencen á Unión Europea e están dispoñibles nas 24 linguas oficiais (nalgúns casos agás o maltés e/ou o irlandés):

- EUR-Lex Judgments 12/2016: 42 millóns de palabras de sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.
- EUROPARL 7: máis de quince millóns de palabras de actas do Parlamento Europeo.
- EUR-Lex 2/2016: textos da base de datos de documentos xurídicos da UE con 840 millóns de palabras.

A estes engádense DGT e OPUS 2, ambos por subscripción, que non se incluíron no estudo por ese motivo.

Pese ao principio de igualdade que establece o réxime lingüístico da Unión Europea (Unión Europea, 1958), e dada a dificultade de establecer o idioma de orixe nos corpus multilingües, tomamos como orixinal o inglés polo dominio na práctica desta lingua (Fernández Vítors, 2011). En efecto, as propias institucións europeas recoñecen que o inglés é a lingua de partida do 92 % das páxinas traducidas (Comisión Europea, 2022b).

## 5. Análise

A análise é de orde cuantitativa e cualitativa, dirixida a determinar a tradución do desdobramento léxico dos pronomes persoais e os seus efectos en materia de xénero. A través da opción automática de concordancia paralela do xestor do corpus, localízanse os segmentos aliñados que conteñen estes desdobramentos nos corpus ingleses e lévase a cabo unha lectura detallada manual para resaltar os elementos con flexión de xénero na tradución, co que se lle asigna a cada segmento traducido unha indicación do xénero global. A anotación previa das marcas de xénero nos propios corpus facilitaríaa o estudo (Monti, 2020). Nesta fase, téñense en conta as aparicións de pronomes explícitos en castelán e outras técnicas de tradución non sexista dentro da oración. Contabilízanse e compáranse os resultados por xénero e analízanse os casos particulares, con especial atención aos exemplos de boas prácticas.

Ante a dificultade de etiquetar manualmente o xénero dos 3 698 segmentos que inclúen *he or she* no corpus EUR-Lex, na análise deste corpus só se avaliaron as 116 incidencias correspondentes ao *Tratado de funcionamento da Unión Europea* (TFUE). En total, nos tres corpus atopáronse 885 incidencias do binomio *he or she* (masculino-feminino), fronte a 60 de *she or he* (feminino-masculino). Esta última colocación é minoritaria e non afecta o xénero da tradución.

A presenza dun desdobramento non sexista no orixinal (*he or she*) non impide que a tradución sexa masculina no 75 % dos segmentos analizados mediante a masculinización do substantivo, fronte ao 19 % neutra e ao 7 % específica, en forma de desdobramentos. Ningún dos segmentos contén elementos femininos semánticos. A asignación do xénero neutro aos segmentos débese á ausencia de marcas de xénero semántico, que pode estar relacionada coa elisión do suxeito pronominal en castelán e co uso de substantivos colectivos, epicenos ou metonímicos, de xénero gramatical (sen referencias ao sexo da



persoa). A especificación do xénero mediante desdobramentos traslada a intención non sexista observada nos pronomes ingleses ao substantivo e/ou aos determinantes e adxectivos casteláns, e aparece, sobre todo, no corpus do Parlamento (45 incidencias fronte a 1 en EURLex Judgments e ningunha en EurLex-TFUE).




Figura 1. Xénero da tradución de he or she nos tres corpus.

Os desdobramentos da tradución corresponden nun 73 % á mesma categoría gramatical do orixinal (os pronomes persoais *él* ou *ella*, *ellos* e *ellas*) e o resto a outro elemento da oración: substantivo variable (*diputada/o*, *presidenta/e*, *comisaria/o*, *ciudadana/o*, *niña/o*, *hermana/o*), artigo determinado con substantivo invariable (*el* o *la ponente*), substantivo heterónimo (*hombre* ou *mujer*) e adxectivo variable (*adoptada/o*, *nombrada/o*). No caso dos desdobramentos substantivos variables, o artigo pódese desdobrar ou non (*un comisario* ou *comisaria*, *un comisario* ou *una comisaria*) e só en tres casos a orde da tradución castelá de *he or she* é feminino-masculino.

Corpus	EN	ES	Xénero da tradución
EUROParl	The President will have to show that he or she is capable of fighting for the constitutional rights acquired by Parliament.	El Presidente o la Presidenta deberá demostrar que es capaz de luchar por los derechos constitucionales adquiridos por el Parlamento.	Desdoblamento de substantivos variables e de determinantes: <i>el presidente</i> o <i>la presidenta</i> .
EUROParl	We consider the person before considering the fact that he or she is in some way different — disabled, for example, or homosexual — and we therefore love, safeguard and defend the person; that is the heart of	Por lo tanto, cualquiera que profese una religión es una persona, dado que el hecho de que él o ella sea una persona se antepone al hecho de que profese una religión.	Desdoblamento de pronomes persoais: <i>él</i> o <i>ella</i> .

Corpus	EN	ES	Xénero da tradución
	the strategy of non-discrimination.		
EUROParl	We see absolutely no reason why a donor should give information about any sexual activity in Africa, let alone who he or she may have had relations with and when.	No vemos ningún motivo en absoluto para que un donante deba informar sobre una hipotética actividad sexual en África y aún menos sobre con quién, hombre o mujer, dado el caso, ha estado y cuándo.	Desdoblamento de substantivos heterónimos: <i>hombre o mujer</i> .
EUROParl	Unfortunately it has become a bad habit in this Parliament for every rapporteur to seek an increase in the field with which he or she is concerned in the report in question.	Desgraciadamente, en este Parlamento siempre ha existido la mala costumbre de que el o la ponente en cuestión pida un aumento de los recursos para el ámbito de referencia de su informe.	Desdobraento de determinantes con substantivo invariable: <i>el o la ponente</i> .
EUROParl	It is, for example, natural for a child to have the right to a father and a mother, even where he or she is adopted.	Es, por ejemplo, natural que un niño o una niña tenga el derecho a tener un padre y una madre, sea o no adoptado o adoptada.	Desdoblamento de substantivos e adxectivos variables: <i>adoptado o adoptada</i> .

Táboa 2. Exemplos de tradución de he or she mediante desdobramentos.

Nos poucos casos de desdobramentos feminino-masculino no orixinal (*she or he*), a proporción de traducións masculinas é aínda maior (92 %) ca na orde dominante (*he or she*). Nos casos restantes non se recorre a un desdoblamento na tradución, senón a outras técnicas non sexistas: omisión do suxeito e emprego do epiceno *persona*.

Corpus	EN	ES	Xénero da tradución
EUROParl	The consumer knows where she or he stands.	El consumidor sabe dónde se encuentra.	Masculino: <i>el consumidor</i> .
EUR-Lex	Age Limit: be able to complete the full 5-year-mandate before the end of the month in which she or he reaches the age of 65.	Límite de edad: poder desempeñar completamente el mandato de cinco años antes de finales del mes en el que el candidato cumpla los 65 años.	Masculino: <i>el candidato</i> .
EUROParl	She or he can subsequently ask that Member State to correct data that was factually inaccurate or to	Posteriormente puede pedir al Estado miembro en cuestión que corrija los datos inexactos o que elimine los datos	Neutro: omisión do suxeito.

Corpus	EN	ES	Xénero da tradución
	erasedata that was unlawfully recorded.	registrados de forma ilícita.	
EUROParl	Firstly, it seeks to define the content and shared general quality principles for periods of work-linked training in another Member State, linked to the training which the person concerned is following in country which she or he comes from.	En primer lugar, intenta definir el contenido y los principios de calidad general comunes de los períodos de formación en alternancia en otro Estado miembro, en relación con la formación que recibe la persona en cuestión en su país de origen.	Neutro: <i>epiceno persona</i> .

Táboa 3. Exemplos de tradución de she or he.

En xeral, o desdoblamento léxico dos pronomes persoais no orixinal non se traslada á explicitación dos pronomes na tradución nin ao uso de ningunha outra técnica de linguaxe non sexista, senón que se masculiniza o antecedente na oración traducida. Na seguinte táboa obsérvase que o emprego dunha segunda técnica non sexista (coma o uso do pronome plural *they* con antecedente singular ou o desdoblamento dos pronomes posesivos *his or her*) tampouco afecta ao xénero da tradución, que segue a ser masculina.

Corpus	EN	ES	Xénero da tradución
EUROParl	One of the results of foetal alcohol exposure is a tendency for the child to grow up and to binge drink when he or she gets older.	Uno de los resultados de la exposición del feto al alcohol es una tendencia del niño a cometer excesos con el alcohol al hacerse mayor.	Masculino: <i>el niño</i> .
EUROParl	One of the basic principles of the regulation is that a worker is insured in the Member State where he or she carries out their professional activity.	Uno de los principios básicos del reglamento es que un trabajador estará afiliado en el Estado miembro en que ejerza su actividad profesional.	Masculino: <i>un trabajador, afiliado</i> .
EUR-Lex	Every citizen of the Union has the right to vote and to stand as a candidate at elections to the European Parliament in the Member State in which he or she resides, under the same conditions as nationals of that State.	Todo ciudadano de la Unión tiene derecho de sufragio activo y pasivo en las elecciones al Parlamento Europeo en el Estado miembro en que resida, en las mismas condiciones que los nacionales de dicho Estado.	Masculino: <i>todo ciudadano, los nacionales</i> .
EUR-Lex	He or she shall contribute by his or her proposals to the development of that policy, which he or she shall carry	Contribuirá con sus propuestas a elaborar dicha política y la ejecutará como mandatario del Consejo.	Masculino: <i>mandatario</i> .

Corpus	EN	ES	Xénero da tradución
	out as mandated by the Council.		

Táboa 4. Exemplos de tradución de he or she.

O (escaso) emprego de desdobramentos ou outras técnicas non sexistas na tradución non garante un texto non sexista, dada a aparición de elementos masculinos, por exemplo, na concordancia do adxectivo (*él o ella debe ser repatriado*). Aínda que a tradución por defecto sexa masculina, non hai que esquecer que nestes segmentos aparecen os pronomes persoais desdobrados, co que se desmasculiniza o suxeito no orixinal. Algúns exemplos son sorprendentemente sexistas, coma a tradución de *person* por *un hombre*, ou presentan discordancias de xénero (*persona... tentado... acusada*).

Corpus	EN	ES	Xénero da tradución
EUROParl	the law cannot say to a person ' Thou shalt not work ' merely because he or she has reached the age of 60, 65 and sometimes only 55	Seguro que habrá personas que estén cansadas o que hayan trabajado mucho y muy duramente en su vida, y que quieren dejar de trabajar, pero no se le puede ordenar a un hombre sólo porque tenga 60, 65 ó 55 años: ¡debes dejar de trabajar!	Discorde: <i>personas... cansadas... un hombre.</i>
EUROParl	A person who did not commit a sin simply because he or she was not tempted to do so cannot be accused of sinning.	Una persona que no cometió un pecado solo porque no se sintió tentado a hacerlo no puede ser acusada de haber pecado.	Discorde: <i>persona... tentado... acusada.</i>

Táboa 5. Peculiaridades no xénero da tradución de he or she.

## 6. Proposta de tradución non sexista

Alén de identificar as distintas formas de tradución inglés-castelán dos desdobramentos do pronome persoal e unha vez analizados os usos máis habituais no corpus, ofrecemos unha proposta de tradución non sexista (como alternativa ao masculino universal) que ten en consideración o principio de elisión do pronome tónico en castelán e a diversidade de técnicas dispoñibles enumeradas antes, adaptadas ás especificidades da tradución institucional europea (Koskinen, 2008). Ao tratárense de técnicas de tradución non sexista, no canto de linguaxe non sexista, na elección inflúen factores coma a precisión, a tipoloxía textual, a audiencia meta e a adecuación ao propósito funcional.

A nosa proposta baséase na revisión non sexista das traducións analizadas anteriormente. Indícase o texto traducido oficial e a revisión non sexista, amais da técnica utilizada. En cada exemplo seleccionouse a técnica máis susceptible de aceptarse nun contexto de tradución institucional polos seus menores efectos no texto e pola maior economía (un principio lingüístico discutido aquí, pero que constitúe unha das principais

argumentacións en contra desta linguaxe). O corpus de procedencia e o texto orixinal pódense consultar nas táboas correspondentes. Débese ter en conta que as técnicas de tradución non sexista aplicadas nesta proposta céntranse nos desdobramentos pronominais ingleses e, polo tanto, non abranguen todas as posibilidades noutras situacións.

ES oficial	ES non sexista	Técnica proposta
El Presidente o la Presidenta deberá demostrar que es capaz de luchar por los derechos constitucionales adquiridos por el Parlamento.	La presidencia deberá demostrar que es capaz de luchar por los derechos constitucionales adquiridos por el Parlamento.	Substantivo metonímico: <i>presidencia</i> .
Por lo tanto, cualquiera que profese una religión es una persona, dado que el hecho de que él o ella sea una persona se antepone al hecho de que profese una religión.	Por lo tanto, cualquiera que profese una religión es una persona, dado que el hecho de que sea una persona se antepone al hecho de que profese una religión.	Omisión: <i>él o ella</i> .
No vemos ningún motivo en absoluto para que un donante deba informar sobre una hipotética actividad sexual en África y aún menos sobre con quién, hombre o mujer, dado el caso ha estado y cuándo.	No vemos ningún motivo en absoluto para que el o la donante deba informar sobre una hipotética actividad sexual en África y aún menos sobre con quién, hombre o mujer, ha estado y cuándo.	Desdoblamento: <i>el o la donante</i> .
Es, por ejemplo, natural que un niño o una niña tenga el derecho a tener un padre y una madre, sea o no adoptado o adoptada.	Es, por ejemplo, natural que una criatura, sea o no adoptada, tenga el derecho a tener madre y padre.	Substantivo epiceno: <i>criatura</i> . Orde alfabética (sen artigos): <i>madre y padre</i> . Concordancia co substantivo colectivo: <i>adoptada</i> .

Táboa 6. Revisión non sexista da táboa 2.

Non consideramos que a opción de explicitar o pronome persoal en castelán, igual ca o inglés, sexa sempre adecuada ou necesaria, posto que existen outras técnicas que poden ser máis convenientes. En xeral, céntranse en omitir as marcas masculinas ou substituílas por elementos sen xénero semántico, coma os substantivos colectivos, epicenos ou metonímicos. Ademais, as nosas técnicas réxense polo principio da ordenación alfabética e da concordancia de xénero co último elemento desdoblado (Bringas *et al.*, 2012).

ES	ES non sexista	Técnica proposta
El consumidor sabe dónde se encuentra.	La población consumidora sabe dónde se encuentra.	Substantivo colectivo: <i>población</i> .

ES	ES non sexista	Técnica proposta
Límite de edad: poder desempeñar completamente el mandato de cinco años antes de finales del mes en el que el candidato cumpla los 65 años.	Límite de edad: poder desempeñar completamente el mandato de cinco años antes de finales del mes en el que la persona candidata cumpla los 65 años.	Substantivo epiceno: <i>persona</i> .

Táboa 7. Revisión non sexista da táboa 3.

Os substantivos epicenos ofrecen a vantaxe de substituír a marca de xénero semántico por outra gramatical, co que se elimina o sexismo lingüístico, malia que supón engadir unha palabra adicional á tradución. Un exemplo é a adxectivación do substantivo masculino orixinal (*candidato* > *persona* candidata). Ademais de *persona*, existen outros substantivos epicenos casteláns: *personaje*, *criatura*, *víctima*. É importante aplicar a concordancia de xénero correcta co substantivo epiceno, ao contrario do que se observou nalgúns exemplos (*una persona... se sintió tentado*).

ES	ES non sexista	Técnica proposta
Uno de los resultados de la exposición del feto al alcohol es una tendencia del niño a cometer excesos con el alcohol al hacerse mayor.	Uno de los resultados de la exposición del feto al alcohol es la tendencia de la infancia a cometer excesos con el alcohol al hacerse mayor.	Substantivo colectivo: <i>infancia</i> .
Uno de los principios básicos del reglamento es que un trabajador estará afiliado en el Estado miembro en que ejerza su actividad profesional.	Uno de los principios básicos del reglamento es que la persona trabajadora estará afiliada en el Estado miembro en que ejerza su actividad profesional.	Substantivo epiceno: <i>persona</i> .
Todo ciudadano de la Unión tiene derecho de sufragio activo y pasivo en las elecciones al Parlamento Europeo en el Estado miembro en que resida, en las mismas condiciones que los nacionales de dicho Estado.	La ciudadanía de la Unión tiene derecho de sufragio activo y pasivo en las elecciones al Parlamento Europeo en el Estado miembro en que resida, en las mismas condiciones que la población de dicho Estado.	Substantivos colectivos: <i>ciudadanía</i> , <i>población</i> .
Contribuirá con sus propuestas a elaborar dicha política y la ejecutará como mandatario del Consejo.	Contribuirá con sus propuestas a elaborar dicha política y la ejecutará en virtud de su mandato del Consejo.	Substantivo metonímico: <i>mandato</i> .

Táboa 8. Revisión non sexista da táboa 4.

Desde un punto de vista práctico, pode resultar eficaz reivindicar o carácter colectivo dalgúns substantivos en contra das posturas críticas á linguaxe non sexista que os definen como metonímicos e que basean nisto o seu rexeitamento. Dous exemplos son *infancia* e *juventud*, que o dicionario non define unicamente como unha etapa da vida, senón tamén como o conxunto de rapazas e rapaces ou da mocidade.

ES	ES non sexista	Técnica proposta
Seguro que habrá personas que estén cansadas o que hayan trabajado mucho y muy duramente en su vida, y que quieren dejar de trabajar, pero no se le puede ordenar a un hombre sólo porque tenga 60, 65 ó 55 años: ¡debes dejar de trabajar!	Seguro que habrá personas que estén cansadas o que hayan trabajado mucho y muy duramente en su vida, y que quieren dejar de trabajar, pero no se le puede ordenar a nadie solo porque tenga 60, 65 o 55 años: ¡debes dejar de trabajar!	Omisión: <i>a un hombre.</i>
Una persona que no cometió un pecado solo porque no se sintió tentado a hacerlo no puede ser acusada de haber pecado.	Una persona que no cometió un pecado solo porque no se sintió tentada a hacerlo no puede ser acusada de haber pecado.	Concordancia de xénero: <i>tentada.</i>

Táboa 9. Revisión non sexista da táboa 5.

## 7. Conclusión

Neste estudo analizouse cualitativa e cuantitativamente a repercusión da existencia de desdobramentos pronominais ingleses (*he or she*, *she or he*) no uso das técnicas de linguaxe non sexista na tradución institucional europea ao castelán mediante un xestor aberto en liña de corpus formado por documentos xurídicos e administrativos da Unión Europea con case 900 millóns de palabras: EURLex Judgments 12/2016, EUROPARL7 e EURLex 2/2016 (TFUE). Estableceuse como lingua orixinal o inglés a partir dos datos das propias institucións europeas (Comisión Europea, 2022b).

En total, a incidencia nos orixinais do desdoblamento masculino-feminino (*he or she*) é case quince veces superior á do feminino-masculino (*she or he*). Esta última colocación non repercute no xénero da tradución, que segue a ser masculina. O desdoblamento masculino-feminino tradúcese con substantivos masculinos en tres cuartas partes dos segmentos analizados e con desdobramentos no 7 %, sen que se encontre ningún caso de feminino. A especificación do xénero en inglés localízase, sobre todo, no corpus do Parlamento Europeo. Secasí, neste último corpus, a incidencia do desdoblamento *he or she* é dun 1 % respecto á do pronome masculino *he*.

Na tradución non sexista do desdoblamento pronominal, o 73 % corresponde á mesma categoría gramatical e o resto a substantivos variables, con ou sen artigo desdoblado, heterónimos, artigos determinados con substantivo variable e adxectivos variables. A tradución castelá respecta a orde dos xéneros de *he or she*, agás en tres casos anecdóticos. Curiosamente, a proporción de traducións masculinas de *she or he* é maior cá a de *he or she*.

Na mostra do estudo, tres de cada catro desdobramentos léxicos pronominais tradúcense en masculino, sen atender á presenza desta técnica non sexista no orixinal. Polo tanto, este recurso non produce na súa maioría efectos de xénero na tradución, malia que a súa existencia xustificaría a utilización dunha técnica de linguaxe non sexista. Talvez o 25 % de traducións non masculinas represente un avance respecto ao que ocorre cos

orixinais comparables sen desdobramentos léxicos, pero parece insuficiente en proporción e desmerece o esforzo desmasculinizador realizado en inglés.

En efecto, o desdobramento dos xéneros no texto inglés denota unha intención non sexista evidente no texto de partida que se pode trasladar a outros elementos da tradución castelá, coma os substantivos. Na nosa proposta contemplamos a elisión do pronome tónico en castelán e o emprego doutras técnicas dispoñibles, coma a omisión do suxeito ou o uso dun substantivo epiceno, colectivo ou metonímico. Canto á colocación, deféndese a orde alfabética como a máis igualitaria.

Cómpre engadir que na elaboración da proposta tivéronse en consideración os requisitos e as características da tradución institucional europea. Quixemos comprobar a viabilidade, desde unha perspectiva pragmática, da tradución con conciencia de xénero (Santaemilia Ruiz, 2018) nun contexto no que a representación e a visibilidade das mulleres na linguaxe adquire especial importancia, dada a tipoloxía textual, maioritariamente xurídica e administrativa, e tendo en conta o idéntico rango en canto aos efectos xurídicos do orixinal e as súas versións lingüísticas.

### Referencias bibliográficas

- ALARIO TRIGUEROS, Teresa 2008. *Arte y feminismo*. Donostia: Editorial Nerea, 2008.
- ASTOLA MADARIAGA, Jasone 2008. «El género en el lenguaje jurídico: utilización formal y material». En *Feminismo/s*. Vol. 12, pp. 33-54. [[https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/11634/1/Feminismos\\_12\\_02.pdf](https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/11634/1/Feminismos_12_02.pdf). Última consulta: 20/03/2022].
- BALAGUER CALLEJÓN, María Luisa 2008. «Género y lenguaje. Presupuestos para un lenguaje jurídico de género». En *Revista de derecho político*. Vol. 73, pp. 71-100. [<http://revistas.uned.es/index.php/derechopolitico/article/view/9062/8655>. Última consulta: 20/03/2022].
- BENGOECHEA BARTOLOMÉ, Mercedes 2005. «Necesidad de poseer cuerpo y nombre para acceder plenamente a la ciudadanía». En *Congreso internacional «Género, Constitución y estatutos de autonomía»*. Madrid: Mujeres en red, 2005. [<https://www.mujeresenred.net/spip.php?article766>. Última consulta: 20/03/2022].
- BENGOECHEA BARTOLOMÉ, Mercedes 2011. «El lenguaje jurídico no sexista, principio fundamental del lenguaje jurídico modernizado del siglo XXI». En *Anuario de la facultad de Derecho 2011*. Vol. 4, pp. 15-26. [[https://ebuah.uah.es/dspace/bitstream/handle/10017/9846/lenquaje\\_bengoechea\\_AFDUA\\_2011.pdf?sequence=1&isAllowed=y](https://ebuah.uah.es/dspace/bitstream/handle/10017/9846/lenquaje_bengoechea_AFDUA_2011.pdf?sequence=1&isAllowed=y). Última consulta: 20/03/2022].
- BRINGAS LÓPEZ, Ana; CASTRO VÁZQUEZ, Olga; FARIÑA BUSTO, María Jesús; MARTÍN LUCAS, Belén & SUÁREZ BRIONES, Beatriz 2012. *Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario*. Vigo: Universidad de Vigo, 2012. [[https://www.ub.edu/portal/documents/6247957/0/Manual con portada para w eb.pdf/01edf07a-8a32-a68f-58e4-a265eca59382](https://www.ub.edu/portal/documents/6247957/0/Manual+con+portada+para+w+eb.pdf/01edf07a-8a32-a68f-58e4-a265eca59382). Última consulta: 20/03/2022].
- BRUCART, José 1987. *La elisión sintáctica en español*. Bellaterra: Universitat Autònoma de Barcelona, 1987.



- CALZADA PÉREZ, María & TIZZANO FERNÁNDEZ, Paula 2019. *Guía de dificultades y errores habituales en traducción institucional*. Alacant: Universitat d'Alacant. [[https://www.academia.edu/38379726/Calzada\\_Tizzano\\_Gu%C3%ADa\\_de\\_dificultades\\_habituales\\_en\\_traducci%C3%B3n\\_institucional\\_pdf](https://www.academia.edu/38379726/Calzada_Tizzano_Gu%C3%ADa_de_dificultades_habituales_en_traducci%C3%B3n_institucional_pdf)]. Última consulta: 20/03/2022].
- CASTRO VÁZQUEZ, Olga & MARTÍN BARRANCO, MARÍA 2020. «Contraargumentario feminista a la RAE: decálogo de incongruencias en su visión sobre el lenguaje inclusivo en la Constitución». En *Mujeres en red*. [<https://www.mujeresenred.net/spip.php?article2363>]. Última consulta: 20/03/2022].
- CASTRO VÁZQUEZ, Olga 2008. «Rebatendo o que outros din da linguaxe non sexista». En *Festa da palabra silenciada*. Vol. 24, pp. 39-49. [[http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_ig\\_pub2001\\_Festa-da-Palabra\\_24.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_ig_pub2001_Festa-da-Palabra_24.pdf)]. Última consulta: 20/03/2022].
- CIANCA AGUIAR, Elena & GAVILANES FRANCO, Emilio 2021. «Los desdoblamiento léxicos, un recurso con una larga historia». En *Archiletras*. Vol. 9, pp. 154-165. [<https://www.archiletras.com/actualidad/desdoblamiento-lexicos/>]. Última consulta: 20/03/2022].
- COMISIÓN EUROPEA 2020. *Guía del departamento de lengua española*. Bruselas y Luxemburgo: Departamento de lengua española, Dirección general de traducción, Comisión Europea, 2020.
- COMISIÓN EUROPEA 2022a. *English style guide: a handbook for authors and translators in the European Commission*. Bruselas: Unión Europea, 2022. [[https://ec.europa.eu/info/sites/default/files/styleguide\\_english\\_dgt\\_en.pdf](https://ec.europa.eu/info/sites/default/files/styleguide_english_dgt_en.pdf)]. Última consulta: 20/03/2022].
- COMISIÓN EUROPEA 2022b. *Translation in figures 2022*. Bruselas: Unión Europea, 2022. [<https://op.europa.eu/o/opportal-service/download-handler?identifier=f857c858-a021-11ec-83e1-01aa75ed71a1&format=pdf&language=en&productionSystem=cellar&part=>]. Última consulta: 20/03/2022].
- CONSEJO DE EUROPA 2003. *Recomendación Rec(2003)3 del comité de ministros a los estados miembros sobre participación equilibrada de las mujeres y los hombres en los procesos de toma de decisión en los ámbitos político y público*. Estrasburgo: Consejo de Europa, 2003. [[https://www.uv.es/igualtat/legislacioneuropa/NORMATIVA%20EUROPEA\\_Recom\\_2003\\_3\\_Participacion.pdf](https://www.uv.es/igualtat/legislacioneuropa/NORMATIVA%20EUROPEA_Recom_2003_3_Participacion.pdf)]. Última consulta: 20/03/2022].
- CONSEJO DE EUROPA 2019. *Sexism: See it: Name it: Stop it*. Estrasburgo: Consejo de Europa. [<https://human-rights-channel.coe.int/stop-sexism-en.html>]. Última consulta: 20/03/2022].
- CONSEJO EUROPEO & CONSEJO DE LA UNIÓN EUROPEA 2018a. *Comunicación inclusiva en la Secretaría general del Consejo*. Bruselas: Oficina de publicaciones de la Unión Europea, 2018. [[https://www.consilium.europa.eu/media/35447/es\\_brochure-inclusive-communication-in-the-gsc.pdf](https://www.consilium.europa.eu/media/35447/es_brochure-inclusive-communication-in-the-gsc.pdf)]. Última consulta: 20/03/2022].
- CONSEJO EUROPEO & CONSEJO DE LA UNIÓN EUROPEA 2018b. *Inclusive communication in the GSC*. Bruselas: Oficina de publicaciones de la Unión Europea, 2018.

- [[https://www.consilium.europa.eu/media/35446/en\\_brochure-inclusive-communication-in-the-gsc.pdf](https://www.consilium.europa.eu/media/35446/en_brochure-inclusive-communication-in-the-gsc.pdf). Última consulta: 20/03/2022].
- CONSEJO GENERAL DEL PODER JUDICIAL 2009. *Normas mínimas para evitar la discriminación de la mujer en el lenguaje administrativo del CGPJ*. Madrid: Comisión de Igualdad del Consejo General del Poder Judicial, 2009. [<https://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Igualdad-de-Genero/Normas-minimas-lenguaje-inclusivo/>. Última consulta: 20/03/2022].
- DOLLERUP, Cay & BRØNDSTED, Katrine 2004. «The vanishing original». En *Hermes*. Vol. 32, pp. 185-199. [[https://cms13659.hstatic.dk/upload\\_dir/docs/Publications/195-The-vanishing-original%2C-HERMES.pdf](https://cms13659.hstatic.dk/upload_dir/docs/Publications/195-The-vanishing-original%2C-HERMES.pdf). Última consulta: 20/03/2022].
- ESPAÑA. *Ley orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres*. LEY 3/2007, 22 de marzo de 2007. *Boletín oficial del estado* n.º 71. [<https://www.boe.es/buscar/pdf/2007/BOE-A-2007-6115-consolidado.pdf> - Última consulta: 20/03/2022].
- FÁBREGAS ALFARO, Antonio 2012. *Acerca de la discriminación de la mujer y de los lingüistas en la sociedad: manifiesto de apoyo a D. Ignacio Bosque*. [<https://manifiestolinguitica.weebly.com/>. Última consulta: 20/03/2022].
- FERNÁNDEZ VÍTORES, David 2011. «Las lenguas en la Unión Europea y la situación del español». En *El español en el mundo. Anuario del Instituto Cervantes 2010-2011*. Alcalá de Henares: Instituto Cervantes, 2011. [[https://cvc.cervantes.es/lengua/anuario/anuario\\_10-11/el\\_espanol\\_en\\_el\\_mundo\\_anuario\\_instituto\\_cervantes\\_2010-2011.pdf](https://cvc.cervantes.es/lengua/anuario/anuario_10-11/el_espanol_en_el_mundo_anuario_instituto_cervantes_2010-2011.pdf). Última consulta: 20/03/2022].
- GÓMEZ GONZÁLEZ-JOVER, Adelina 2019. «Visibilidad vs. naturalidad y eficacia. Desafíos de una traducción jurídica con conciencia de género y su aplicación en el aula». En *Libro de resúmenes del 9º Congreso internacional AIETI*. Alacant: Universitat d'Alacant, 2019. [<https://web.ua.es/es/aieti9/documentos/libro-de-resumenes-aieti9.pdf>. Última consulta: 20/03/2022].
- GRIJELMO GARCÍA, Álex 2019. *Propuesta de acuerdo sobre el lenguaje inclusivo*. Madrid: Taurus, 2019.
- KESEBIR, Selin 2017. «Word order denotes relevance differences: The case of conjoined phrases with lexical gender». En *Journal of Personality and Social Psychology*. Vol. 113-2, pp. 262-279. [<https://lbsresearch.london.edu/id/eprint/798/>. Última consulta: 20/03/2022].
- KOSKINEN, Kaisa 2008. *Translating institutions: an ethnographic study of EU translation*. Manchester: St. Jerome, 2008.
- LÓPEZ MEDEL, María 2021a. «Constitución española, lenguaje y sexismo». En: Escaja, Tina & Prunes, María Natalia (eds.) *Por un lenguaje inclusivo. Estudios y reflexiones sobre estrategias no sexistas en la lengua española*. Nueva York: Academia Norteamericana de la Lengua, 2021. [<https://www.anle.us/publicaciones/biblioteca-digital/por-un-lenguaje-inclusivo-estudios-y-reflexiones-sobre-estrategias-no-sexistas-en-la-lengua-espanola/>. Última consulta: 20/03/2022].
- LÓPEZ MEDEL, María 2021b. *Traducción no sexista en la Unión Europea: recomendaciones, aplicación y propuesta de guía*. Tesis doctoral. Alacant: Universitat d'Alacant.

- [[http://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/118197/6/tesis\\_maria\\_lopez\\_medel.pdf](http://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/118197/6/tesis_maria_lopez_medel.pdf)]. Última consulta: 20/03/2022].
- LOUPAKI, Elpida 2006. «Particularités et difficultés dans le transfert des textes communautaires». En Kaya, Mümtaz (ed.) *Actes du symposium international «Théorie et pratique de la formation en langues étrangères appliquées»*. Ankara: École Supérieure de Langues Étrangères Appliquées, Université de Bilkent, 2006.  
[[https://www.academia.edu/9077299/Particularit%C3%A9s\\_et\\_difficult%C3%A9s\\_dans\\_le\\_transfert\\_des\\_textes\\_communautaires](https://www.academia.edu/9077299/Particularit%C3%A9s_et_difficult%C3%A9s_dans_le_transfert_des_textes_communautaires)]. Última consulta: 20/03/2022].
- MÁRQUEZ GUERRERO, María 2016. «Bases epistemológicas del debate sobre el sexismo lingüístico». En *Arbor*. Vol. 192-778, s.p.  
[<http://dx.doi.org/10.3989/arbor.2016.778n2010>]. Última consulta: 20/03/2022].
- MONTI, Johanna 2020. «Gender issues in machine translation. An unsolved problem?». En Von Flotow, Luise & Kamal, Hala (eds.) 2020. *The Routledge handbook of translation, feminism and gender*. Londres: Routledge, 2020.
- PARLAMENTO EUROPEO 2018a. *Gender neutral language in the European Parliament*. Luxemburgo: Parlamento Europeo, 2018.  
[[https://www.europarl.europa.eu/cmsdata/151780/GNL\\_Guidelines\\_EN.pdf](https://www.europarl.europa.eu/cmsdata/151780/GNL_Guidelines_EN.pdf)]. Última consulta: 20/03/2022].
- PARLAMENTO EUROPEO 2018b. Un lenguaje neutral en cuanto al género en el Parlamento Europeo. Luxemburgo: Parlamento Europeo, 2018.  
[[https://www.europarl.europa.eu/cmsdata/187095/GNL\\_Guidelines\\_ES-original.pdf](https://www.europarl.europa.eu/cmsdata/187095/GNL_Guidelines_ES-original.pdf)]. Última consulta: 20/03/2022].
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA & ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA 2005. *Diccionario panhispánico de dudas*. Madrid: RAE y ASALE, 2005.  
[<https://www.rae.es/dpd/>]. Última consulta: 20/03/2022].
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA 2020. *Informe de la Real Academia Española sobre el lenguaje inclusivo y cuestiones conexas*. Madrid: Real Academia Española, 2020.  
[[https://www.rae.es/sites/default/files/Informe\\_lenguaje\\_inclusivo.pdf](https://www.rae.es/sites/default/files/Informe_lenguaje_inclusivo.pdf)]. Última consulta: 20/03/2022].
- RUBIO CASTRO, Ana 2016. «El lenguaje y la igualdad efectiva de mujeres y hombres». En *Revista de bioética y derecho*. Vol. 38, pp. 4-24.  
[<https://www.redalyc.org/pdf/783/78348291002.pdf>]. Última consulta: 20/03/2022].
- SANTAEMILIA RUIZ, José 2018. «A corpus-based analysis of terminology in gender and translation research». En Castro, Olga & Ergun, Emek (eds.) *Feminist translation studies*. Londres: Routledge, 2018.
- SCHÄFFNER, Christina; SABINA TCACIUC, Luciana & TESSEUR, Wine 2014. «Translation practices in political institutions: a comparison of national, supranational, and non-governmental organisations». En *Perspectives*. Vol. 22-4, pp. 493-510.  
[<https://centaur.reading.ac.uk/44097/>]. Última consulta: 20/03/2022].
- UNIÓN EUROPEA 1958. *Reglamento n.º 1*. por el que se fija el régimen lingüístico. Luxemburgo: Oficina de Publicaciones de la Unión Europea. Bruselas: Unión

Europea, 1958. [<https://eur-lex.europa.eu/legal-content/es/ALL/?uri=CELEX%3A31958R0001>. Última consulta: 20/03/2022].

UNIÓN EUROPEA 2021. *Interinstitutional style guide*. Luxemburgo: Oficina de publicaciones de la Unión Europea, 2021. [<https://op.europa.eu/en/publication-detail/-/publication/01ed788a-d266-11ec-a95f-01aa75ed71a1>. Última consulta: 20/03/2022].